



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte.705 /1102

Resolución de aprobación da INSTRUCCIÓN 1/2020, DA SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL: “PROTECCIÓN DE DATOS NOS EXPEDIENTES PARA APROBACIÓN POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL”

A aprobación do Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos (en diante, RXPD), incorpora un novo modelo de gobernanza de datos para garantir a protección dos dereitos e liberdades das persoas físicas, para o que se require a adopción de medidas técnicas e organizativas apropiadas por parte dos responsables dos tratamentos, conforme a políticas internas que cumpran os principios de protección de datos dende o deseño e por defecto (*privacy by design*). Ditas medidas poden consistir, tal e como recolle o Considerando 78 RXPD, en reducir ao máximo o tratamiento de datos persoais, seudonimizar o antes posible os mesmos, así como en dar transparencia ás funcións e o tratamiento de datos persoais, permitindo aos interesados supervisar o tratamiento de datos e ao responsable do tratamiento crear e mellorar elementos de seguridade.

Por outra banda, o Concello de Vigo ten unha longa e acreditada traxectoria en materia de transparencia e acceso á información pública, sendo preciso resolver, de ser o caso, as posibles tensións derivadas do conflito entre dito derecho e a protección de datos, nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, en particular, no seu artigo 15, na redacción dada ao mesmo pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

A tal fin, resulta preciso acudir aos principios de minimización de datos e de protección de datos dende o deseño e por defecto, que incorporan á normativa de protección de datos a práctica de considerar os requisitos de privacidade dende as primeiras etapas da xestión, garantindo que os tratamientos dos datos sexan adecuados, pertinentes e limitados ao estritamente necesario en relación coas fins para as que son tratados con carácter xeral na totalidade da xestión municipal.

En particular, dito principio materialízase no artigo 25 RXPD cando sinala que:

“1. Teniendo en cuenta el estado de la técnica, el coste de la aplicación y la naturaleza, ámbito, contexto y fines del tratamiento, así como los riesgos de diversa probabilidad y gravedad que entraña el tratamiento para los derechos y libertades de las personas físicas, el responsable del tratamiento aplicará, tanto en el momento de determinar los medios de tratamiento como en el momento del propio tratamiento, medidas técnicas y organizativas apropiadas, como la seudonimización, concebidas para aplicar de forma efectiva los principios de protección de datos, como la minimización de datos, e integrar las garantías necesarias en el tratamiento, a fin de cumplir los requisitos del presente Reglamento y proteger los derechos de los interesados.2. El responsable del tratamiento aplicará las medidas técnicas y organizativas apropiadas con miras a garantizar que, por defecto, solo sean objeto de tratamiento los datos personales que sean necesarios para cada uno de los fines específicos del tratamiento. Esta obligación se aplicará a la cantidad de datos personales recogidos, a la extensión de su tratamiento, a su plazo de conservación y a su accesibilidad. Tales medidas garantizarán en particular que, por defecto, los datos personales no sean accesibles, sin la intervención de la persona, a un número indeterminado de personas físicas.3. Podrá utilizarse un mecanismo de certificación aprobado con arreglo al artículo 42 como elemento que acredite el cumplimiento de las obligaciones establecidas en los apartados 1 y 2 del presente artículo.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/01/2020 10:21	Página 1 de 3
Expediente 705/1102	CSV: 29E6E5-AC4D8H-B4393A-KC3V6Z-6LYKFH-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte.705 /1102

As ditas garantías deben extremarse en relación coas propostas que, dende as distintas áreas e servizos se remiten para a adopción do correspondente acordo pola Xunta de Goberno Local, órgano executivo de goberno no que se residencian un núcleo importante de competencias, en aplicación da normativa sobre réxime local, polo que para manter esta cultura administrativa de transparencia, baseada na dación de contas á ciudadanía e o fomento do coñecemento e participación na toma de decisións, consolidando o principio constitucional de dereito de acceso á información, debemos procurar manter uns elevados estándares de transparencia sobre os seus acordos.

Con esta instrucción preténdese que, na adopción dos acordos do órgano de goberno se recollan e traten a mínima cantidade de datos posible, de tal xeito que, evitando o procesamento dos datos que non resulten necesarios para as finalidades perseguidas no tratamento, se limitan os posibles impactos na privacidade, mediante unha menor recollida de datos dos suxeitos afectados, así como mediante a utilización das técnicas de anonimización e seudonimización, sen prexuízo das solucións tecnolóxicas que se poidan adoptar, entre outras, mediante as Privacy Enhancing Technologies ou PETs (conxunto organizado e coerente de solucións TIC que reducen os riscos que afectan á privacidade, implementando as estratexias e patróns definidos anteriormente).

Polo anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a “Instrucción 1/2020 da Secretaría de Goberno Local: “PROTECCIÓN DE DATOS NOS EXPEDIENTES PARA APROBACIÓN POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL”, anexa á presente resolución.

Segundo.- Notificar individualmente a todos os xefes de Área e de Servizo e ordenar a súa publicación na Intranet municipal para asegurar o xeral coñecemento do mesmo polo conxunto da organización municipal.

Terceiro.- Publicar a presente Instrucción no Portal de Transparencia, de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

INSTRUCCIÓN 1/2020, SECRETARÍA DE GOBERNO LOCAL: “PROTECCIÓN DE DATOS NOS EXPEDIENTES PARA APROBACIÓN POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL”

Dado o compromiso do Concello de Vigo con elevados estándares de transparencia e acceso á información nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 19 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, e demais normativa nacional e internacional na materia, resulta preciso considerar o posible conflito entre a transparencia e a protección de datos persoais tal e como recolle a dita norma.

A tal fin, resulta preciso acudir aos principios de minimización de datos e de protección de datos dende o deseño e por defecto, recollido no Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos e que incorporan á normativa de protección de datos a práctica de considerar os requisitos de privacidade dende as primeiras etapas da xestión, garantindo que os tratamentos dos datos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/01/2020 10:21	Páxina 2 de 3
Expediente 705/1102	CSV: 29E6E5-AC4D8H-B4393A-KC3V6Z-6LYKFH-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte.705 /1102

sexan adecuados, pertinentes e limitados ao estritamente necesario en relación coas fins para as que son tratados con carácter xeral na totalidade da xestión municipal.

Para garantir o equilibrio entre os dereitos de transparencia e acceso á información e de protección de datos persoais, seguiranse as seguintes instrucións:

Primeiro.- As propostas de acordo que, dende as diferentes áreas e servizos municipais, se remitan para a adopción de acordo pola Xunta de Goberno Local deberán garantir a debida protección de datos persoais, considerando o intenso grao de publicidade ao que están sometidos os ditos acordos, axustando a súa redacción ao principio de privacidade dende o deseño e por defecto, tal e como prescriben o Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, reducindo o volume de información recopilada.

Segundo.- A tal fin as propostas de acordo que se remitan á Xunta de Goberno Local só esixirán a mínima acción de recollida e tratamiento de datos posible, de modo que, evitando o procesamiento de datos que non sexan necesarios para as finalidades perseguidas no tratamento¹ ou mediante a aplicación das técnicas de anonimización ou disociación², se limitan os posibles impactos na privacidade

Terceiro.- As dúbdas en relación con esta cuestión deberán resolverse mediante consulta co Delegado de Protección de Datos do Concello de Vigo e conforme ao sinalado na "Guía privacidad desde el diseño" elaborada pola Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.aepd.es/sites/default/files/2019-11/guia-privacidad-desde-diseno.pdf>)

CCA/rvr

Data e sinatura dixital.

Vigo, data de sinatura dixital. A Secretaria do Goberno Local, M.^a Concepción Campos Acuña.

A Concelleira Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Patricia Rodríguez Calviño

1 Por exemplo, no caso do dato nome e apelidos, substituíndo o dito dato por referencias que non permitan a súa identificación, como as iniciais, ou a combinación numérica que se axuste á orientación para a aplicación provisional da Disposición Adicional Séptima LOPDGDD (disponible en: <https://www.aepd.es/sites/default/files/2019-09/orientaciones-da7.pdf>)

2 A tal fin poden seguirse as orientacións dictadas pola Axencia Española de Protección de Datos na guía elaborada sobre a dita cuestión, disponible en: <https://www.aepd.es/sites/default/files/2019-09/guia-orientaciones-procedimientos-anonimizacion.pdf>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/01/2020 10:21	Páxina 3 de 3
Expediente 705/1102	CSV: 29E6E5-AC4D8H-B4393A-KC3V6Z-6LYKFH-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		